



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS AO ALUGUER DE VIVENDA

O mércores día 11 de setembro de 2019 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda sobre as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

BENEFICIARIOS

- **Liña A:** axuda ao alugamento de vivenda destinada a persoas físicas maiores de idade que na data de presentación da solicitude sexan titulares, en condición de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano e a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente.
- **Liña B:** axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos.

CONTÍAS

- **Liña A:** a contía de subvención será do **40 %** da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Non obstante, para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.
- **Liña B:** a contía de subvención será do **50 %** da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN (1) MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 17 de setembro de 2019.
O Alcalde.
Asdo.- Roberto Fernández Rico
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

